



Depósito Legal: PO 174-2019

V XORNADA SOBRE BO USO E MAL USO DO MAR

“O mar das mulleres: sustentable e produtivo”

Xoves 11 de abril de 2019

Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte, Universidade de Vigo
Campus da Xunqueira, Pontevedra

A xornada que se presenta vai xa pola súa quinta edición, con notable éxito ata o de agora. A conferencia e o panel proposto forman parte dun conxunto de accións destinadas a contribuír á mellora dos coñecementos necesarios para desenvolver a comprensión, o uso sustentable e a protección do medio mariño –de importancia estratéxica para Galicia–, e a fomentar a participación de todos os sectores interesados, neste caso, o alumnado e o profesorado da Universidade de Vigo e o público en xeral.

Neste sentido, é preciso posuir coñecementos relativos aos desenvolvimentos tecnolóxicos existentes destinados á protección do medio mariño, pero tamén en relación coas estruturas e coas imaxes sociais que repercuten nas actitudes de cara ao desenvolvemento sustentable e, en particular, ao respecto do mar. Así, pois, é fundamental que desde o ámbito educativo se propicien actitudes positivas e se disponga de materiais didácticos axeitados para levar a cabo intervencións nas aulas.

Nesta ocasión a xornada estará dedicada a examinar e recoñecer o papel das mulleres na xestión sustentable do mar desde todos os ámbitos. Ademais dun panel e dunha conferencia, a xornada incluirá a visita á exposición itinerante de divulgación, virtual e física, denominada “Sustentabilidade do mar en feminino”, promovida pola Deputación de Pontevedra, o Campus do Mar e a Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo; así como un percorrido pola web www.marenfeminino.campusdomar.gal, na que se insiren a propia exposición, entrevistas, fotografías e documentación diversa. Como novedade, presentaranse os materiais educativos do proxecto “O mar das mulleres: sustentable e produtivo”, baseado na web indicada, que se realizou baixo os auspicios da Deputación de Pontevedra.

Contarase coa participación de Ana Morillas, responsable do proxecto “Oceánicas: a muller e a oceanografía”, do Instituto Español de Oceanografía e a FECYT, que se ocupa de valorar e dar a coñecer o traballo científico daquelas mulleres que investigan e investigaron sobre os océanos.

Por outra parte, o equipo de investigación que desenvolveu a exposición e o proxecto anteriormente citados dará a coñecer o traballo realizado e os materiais didácticos elaborados, nos que se lles dá visibilidade ás mulleres dedicadas aos oficios do mar e se reconócen, entre outras, as figuras das oceanógrafas galegas Ángeles Alvariño González e Aida Fernández Ríos, ao tempo que se ocupan de alertar sobre os perigos que axesan ao océano e de salientar a importancia deste para a vida no Planeta. Incídese así na alfabetización oceánica, imprescindible no ámbito educativo.

A xornada será gravada por UVIGOTV, retransmitida por streaming e estará dispoñible en vídeo na ligazón que se facilitará no seu momento.

V XORNADA SOBRE BO USO E MAL USO DO MAR

“O mar das mulleres: sustentable e produtivo”

Programa

Xoves 11 de abril de 2019

Zona de laboratorios da Facultade

10:00 h Inauguración da xornada:

- Jorge Soto Carballo, vicerreitor do Campus de Pontevedra
- Carmela Silva Rego, presidenta da Deputación de Pontevedra
- Rosario Álvarez Blanco, presidenta do Consello da Cultura Galega
- María Álvarez Lires, coordinadora da xornada

10:15 h Intervención de Elena Vázquez Cendón, coordinadora da Sección Ciencia, Tecnoloxía, Natureza e Sociedade do Consello da Cultura Galega, que presentará a temática da xornada e a súa concreción en Galicia

10:30 h Panel de presentación das infografías e dos materiais didácticos de “O mar das mulleres: sustentable e produtivo”, a cargo de María Álvarez Lires, directora do proxecto, e de María Lorenzo Rial, do equipo de investigación

Inauguración da exposición asociada ao proxecto a cargo das autoridades

Visita guiada á exposición

11:30 h Pausa para o café

Salón de graos da Facultade

12:00 h Conferencia “Oceánicas: o papel da muller na oceanografía”, a cargo de Ana Morillas, do Centro Oceanográfico de Baleares, responsable do proxecto do mesmo nome

Clausura da xornada

